

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 23 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, mediante tramitación anticipada de gasto, de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2026, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 60 % do gasto elixible, no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento IN421S).

Advertidos erros na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 12, do 20 de xaneiro de 2026, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 5599, no artigo 7.3, onde di:

«3. Para as instalacións fotovoltaicas, o investimento elixible máximo por potencia unitaria (sen IVE) estará limitado a 750 €/kWh» debe dicir: «3. Para as instalacións fotovoltaicas, o investimento elixible máximo por potencia unitaria (sen IVE) estará limitado a 750 €/kWp».

Na páxina 5610, no artigo 20.1, onde di:

«1. Características técnicas: paneis fotovoltaicos (ata 50 puntos).

Nesta epígrafe avaliaranse as características técnicas do principal compoñente da instalación, en función da tecnoloxía do panel fotovoltaico, segundo os seguintes criterios de puntuación:

Tipo de módulo fotovoltaico	Puntuación
Paneis fotovoltaicos con rendementos de panel superior ao 24%	50
Silicio monocristalino	35
Silicio policristalino	25
Silicio amorfo e resto de paneis	5
Resto de paneis	0»



Debe dicir:

«1. Características técnicas: paneis fotovoltaicos (ata 50 puntos).

Nesta epígrafe avaliaranse as características técnicas do principal compoñente da instalación, en función da tecnoloxía do panel fotovoltaico, segundo os seguintes criterios de puntuación:

Tipo de módulo fotovoltaico	Puntuación
Paneis fotovoltaicos con rendemento de panel superior ao 24 %	45
Silicio monocristalino	35
Silicio policristalino	25
Silicio amorfo e resto de paneis	5
Resto de paneis	0
Tipo integración dos paneis	Puntuación
Superpostos sobre a cuberta coa mesma inclinación (superposición/integración arquitectónica)	5
Marquesiña	2,5
Outros	0»

